

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 16 de decembro de 2021, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** D^a María José Varela Neira, 1^a Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.

- **Vocais:**
 - D^a. Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - D^a. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación

- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da Área de Contratación

- **Técnicos asistentes á Mesa:**
 - Dona Isabel María Freire Ramos, Enxeñeira do Concello de Oleiros
 - Don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello de Oleiros

- **Asistentes aos actos públicos de apertura do sobre 2 dos expedientes 2021/CONTRAT/000103: CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS e 2021/CONTRAT/000130: ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO:**
 - D^a. Cristina Coladas, en representación de APECCO (Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña)

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:

Orde do día

1.- 2021/CONTRAT/000103: CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.





- Proposta de adxudicación, se procede.

2.- 2021/CONTRAT/000130: ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO

Acto non público de:

- Aclaración sobre documentación presentada por unha empresa.

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2021/CONTRAT/000136: CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIRO EN BASTIAGUEIRO (ZONA INEF)

Acto non público de:

- Apertura dos sobres "B" (documentación administrativa e criterios subxectivos).

4.- 2021/CONTRAT/000140: ACTIVIDADES 60+ DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2022-2023

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).



1.- 2021/CONTRAT/000103: CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005397, de 11 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra "CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS (MCPL01-RT2021)".

O orzamento da licitación é de 124.145,76 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.070,61 €), o que supón un importe de 150.216,37 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) meses, sen posibilidade de prórrogas agás causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 136.560,34 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 11 de novembro do 2021.

Rematado o día 1 de decembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| NOME DA EMPRESA | Nº IDENTIFICACIÓN | Data e hora de presentación de oferta |
|--------------------------------|-------------------|---------------------------------------|
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | B15072713 | 01-12-2021 13:02 |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | B70372032 | 01-12-2021 18:33 |

Na sesión de 12 de decembro de 2021, a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.

O día 9 de decembro de 2021, a enxeñeira municipal dona Isabel María Freire Ramos, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que se presenta dona Cristina Coladas, en representación de APECCO (Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña), a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2. Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

| NOME DA EMPRESA | PROGRAMA DE TRABALLOS |
|--------------------------------|-----------------------|
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | 23,50 / 25,00 |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | 18,75 / 25,00 |

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 2, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no





prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas polas empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

| CRITERIO | | LÓPEZ CAO | SERGONSA |
|---|------------|--|--|
| OFERTA ECONÓMICA | IMPORTE | 122.900,00 € (148.709,00 € IVE incl.) | 106.209,00 (128.512,89 € IVE incl.) |
| | PUNTOS | 19,15 / 25,00 | 25,00 / 25,00 |
| INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTIA | INCREMENTO | S,í, 4 anos | S,í, 4 anos |
| | PUNTOS | 10,00 / 10,00 | 10,00 / 10,00 |
| MELLORA 1: Incremento das prestacións do formigón dos elementos prefabricados | SI/NON | Sí | Sí |
| | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 5,00 / 5,00 |
| MELLORA 2: Mellora estética das tapas dos columbarios | SI/NON | Sí | Sí |
| | PUNTOS | 15,00 / 15,00 | 15,00 / 15,00 |
| MELLORA 3: Achega para a financiación do control de calidade externo da obra | SI/NON | Sí | Sí |
| | PUNTOS | 20,00 / 20,00 | 20,00 / 20,00 |
| PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 | | 69,15 / 75,00 | 75,00 / 75,00 |

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

| POSIC. | EMPRESA | NIF | Sobre 1 | Sobre 2 | TOTAL |
|--------|--------------------------------|-----------|---------------|---------------|---------------------|
| 1 | SERGONSA SERVICIOS, S.L. | B70372032 | 18,75 / 25,00 | 75,00 / 75,00 | 93,75/100,00 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | B15072713 | 23,50 / 25,00 | 69,15 / 75,00 | 92,65/100,00 |

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS (MCPL01-RT2021)” á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. B70372032 por un importe de 106.209,00 (128.512,89 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto e coa oferta presentada.



2.- 2021/CONTRAT/000130: ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021005339, de 9 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra "ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO (MCPL01-RT2021)".

O orzamento da licitación é de 63.041,90 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (13.238,80 €), o que supón un importe de 76.280,70 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) meses, sen posibilidade de prórrogas agás causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 78.346,09 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 9 de novembro do 2021.

Rematado o día 29 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| NOME DA EMPRESA | Nº IDENTIFICACIÓN | Data e hora de presentación de oferta |
|--|-------------------|---------------------------------------|
| INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. | B70240593 | 29-11-2021 12:38 |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | B70372032 | 29-11-2021 18:14 |
| DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | B70218185 | 29-11-2021 20:36 |

Na sesión de 12 de decembro de 2021, a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.

En canto a documentación presentada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70218185), atopouse unha contradición entre o declarado sobre a subcontratación no Anexo IV (indícase que efectivamente se subcontratará unha parte da obra) e o DEUC (figura que non haberá subcontratación); polo que a Mesa de Contratación solicitou aclaración en canto á subcontratación de parte do obxecto do contrato, a cal foi enviada a través da Plataforma de Contratación con data 3 de decembro de 2021.

Con data 7 de decembro de 2021, a empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. presentou aclaración onde se indica que si van proceder á subcontratación, aportando de novo o anexo IV e o DEUC corrixidos.

O día 15 de decembro de 2021, don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello de Oleiros, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que se presenta dona Cristina Coladas, en representación de APECCO (Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña), a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2. Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa





Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

| NOME DA EMPRESA | PROGRAMA DE TRABALLOS |
|--|-----------------------|
| INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. | 22,75 / 25,00 |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | 20,00 / 25,00 |
| DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 15,50 / 25,00 |

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 2, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas polas empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

| CRITERIO | | MELCOR | SERGONSA | DESARROLLA |
|--|------------------|--|--|--|
| OFERTA ECONÓMICA | IMPORTE | 59.561,99 € (72.070,01 € IVE incl.) | 62.605,00 € (75.752,05 € IVE incl.) | 62.990,00 € (76.217,90 € IVE incl.) |
| | PUNTOS | 20,00 / 20,00 | 16,25 / 20,00 | 13,13 / 20,00 |
| INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTIA | INCREMENTO | 4 anos | 4 anos | 4 anos |
| | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 5,00 / 5,00 | 5,00 / 5,00 |
| MELLORA 1: Subministro e colocación de pechaduras amaestradas | SI/NON | Sí | Sí | Non |
| | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 5,00 / 5,00 | 0,00 / 5,00 |
| MELLORA 2: Subministro e colocación de mobiliario para os vestiarios | 2 espellos 1mx1m | SI/NON | Sí | Non |
| | | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 0,00 / 5,00 |
| | 2 espellos 2mx1m | SI/NON | Sí | Non |
| | | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 0,00 / 5,00 |
| | 6 bancos e resto | SI/NON | Sí | Non |
| | | PUNTOS | 5,00 / 5,00 | 0,00 / 5,00 |
| MELLORA 3: Redución do prazo para a redacción e presentación do PSS | SEMANAS | Sí | Sí | Sí |
| | PUNTOS | 15,00 / 15,00 | 15,00 / 15,00 | 15,00 / 15,00 |
| MELLORA 4: Achega para a financiación do control de calidade externo da obra | SI/NON | Sí | Sí | Non |
| | PUNTOS | 15,00 / 15,00 | 15,00 / 15,00 | 0,00 / 15,00 |
| PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 | | 75,00 / 75,00 | 71,25 / 75,00 | 33,13 / 75,00 |





Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

| POSIC. | EMPRESA | NIF | Sobre 1 | Sobre 2 | TOTAL |
|--------|--|-----------|---------------|---------------|---------------|
| 1 | INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. | B70240593 | 22,75 / 25,00 | 75,00 / 75,00 | 97,75 /100,00 |
| 2 | SERGONSA SERVICIOS, S.L. | B70372032 | 20,00 / 25,00 | 71,25 / 75,00 | 91,25 /100,00 |
| 3 | DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | B70218185 | 15,50 / 25,00 | 33,13 / 75,00 | 48,63 /100,00 |

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO (MCPL01-RT2021)” á empresa INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L. (B70240593) por un importe de 59.561,99 € (72.070,01 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto e coa oferta presentada.





3.- 2021/CONTRAT/000136: CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIRO EN BASTIAGUEIRO (ZONA INEF)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005558, de 19 de novembro, aprobouse o expediente para a contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIRO EN BASTIAGUEIRO (ZONA INEF) (1ª FASE DO POS+ADICIONAL 2/2021)”, polo importe de 375.054,39 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (78.761,42 €), o que supón un importe de 453.815,81 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de CATRO (4) meses, sen posibilidade de prórrogas agás causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 467.559,83 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 19 de novembro do 2021. Rematado o día 9 de decembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| NOME DA EMPRESA | Nº IDENTIFICACIÓN | Data e hora de |
|--------------------------------|-------------------|------------------|
| ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. | A15008485 | 09-12-2021 10:36 |
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | B15072713 | 09-12-2021 17:10 |

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico B presentado polos licitadores denominado “Declaracións compromisos e referencias técnicas”. Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido | ARIAS | LÓPEZ CAO |
|--|--------|-----------|
| Datos do licitador a efectos de notificación electrónica | Cumpre | Cumpre |
| Autorización para a consulta de datos | Cumpre | Cumpre |
| Pertenza a grupo de empresas | Cumpre | Cumpre |
| Compromiso ou non de constitución de UTE | Cumpre | Cumpre |
| Capacidade de obrar | Cumpre | Cumpre |
| Non incursión en incompatibilidades | Cumpre | Cumpre |
| Non prohibición de contratar | Cumpre | Cumpre |
| Declaración de sometemento á lexislación española | Cumpre | Cumpre |
| Inscripción ou preinscripción no ROLECE/ Rexistro de Contratistas de Galicia | Cumpre | Cumpre |
| Solvencia económica | Cumpre | Cumpre |
| Solvencia técnica | Cumpre | Cumpre |

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo IV do PCAP. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo IV PCAP.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir ás empresas presentadas á licitación.

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos B a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo IV do PCAP.





4.- 2021/CONTRAT/000140: ACTIVIDADES 60+ DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2022-2023

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005554, de 19 de novembro, corrixido mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005782, de 1 de decembro, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, do contrato de servizos denominado “ACTIVIDADES 60+ DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2022-2023”, polo importe de 118.488,79 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (11.848,88 €), o que supón un importe de 130.337,67 € IVE incluído. O valor estimado ascende a 260.675,33 €.

Posteriormente, por unha ampliación de horas de servizo que non se tiveran en conta nos custos, rectificouse o orzamento de licitación (Decreto 2021005782, de 1 de decembro), pasando este a 118.488,79 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (11.848,88 €), o que supón un importe de 130.337,67 € IVE engadido. O valor estimado ascende a 260.675,33 €.

Mediante Decreto 2021005988, de 14 de decembro, realizouse unha ampliación do prazo de presentación de ofertas ata o 20 de decembro de 2021, posto que a entidade CAMPA, S.L. expón unha discrepancia vía correo electrónico en relación á desagregación de custos realizada nos pregos de licitación, en concreto en relación coa inclusión dos custos de Seguridade social no contrato e coa asunción dos custos de subrogación. Se ben a cuestión foi exposta fóra do prazo sinalado no artigo 138.2 LCSP, dada a súa relevancia, considérase necesario ampliar o prazo de licitación para poder estudala e comprobar se a desagregación orzamentaria se corresponde coa realidade dos custos imputables ao contrato, ou se, pola contra, debe revisarse e corrixirse.

Posteriormente, mediante Decreto 2021006021, de 15 de decembro, rectifícase o prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de “ACTIVIDADES 60+ DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2022-2023”, en relación coa desagregación de custos que afectan ao contrato, e amplíase de novo fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas ata o vindeiro día 27 de decembro de 2021.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Retirar da orde do día o asunto referido ao expediente 2021/CONTRAT/000140: ACTIVIDADES 60+ DE ENVELLECIMENTO ACTIVO 2022-2023.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente pola Secretaria da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.

